

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN GALEGA DE REDEIRAS ARTESÁS “O PEIRAO”**

Santiago de Compostela,

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Alfonso Villares Bermúdez, conselleiro do Mar, nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG Nº 73 do 14 de abril de 2024) actuando en nome e representación da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia..

E doutra parte, a entidade Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao”, NIF: G 15969868, representada por Maria Jesús González González (DNI 76896851-P), presidenta da Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao”, en virtude dos artigos 22 e 23 dos seus estatutos, inscritos no Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Todas as partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e conveniar e

### **EXPOÑEN**

#### **Primeiro**

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de confrarías de pescadores segundo o artigo 27.29 do Estatuto de Autonomía (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril), en consonancia co artigo 148.1.11 da Constitución Española e co Real decreto 3318/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado a Galicia en materia de agricultura e pesca.

#### **Segundo**

Que a consellería do Mar, a través da dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, ten entre a súas competencias o fomento da organización sectorial, que se desenvolve co apoio ao



asociacionismo e proporcionando asistencia técnica ás confrarías de pescadores, organizacións de produtores da pesca e demais asociacións relacionadas co sector.

### **Terceiro**

Que a Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao”, para o cumprimento dos seus fins sociais, goza de plena personalidade xurídica e de autonomía funcional e económica, actuando sen ánimo de lucro como órgano de consulta e colaboración coa administración na defensa e promoción do sector, sendo o seu obxecto a conservación, divulgación do traballo artesanal das redeiras, a loita contra o intrusismo profesional, o fomento da prevención de riscos laborais co fin de evitar e diminuír os riscos laborais derivados do traballo, a promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como a promoción da participación das mulleres na vida política, económica, cultural e social das asociacións profesionais de redeiras que a integran.

### **Cuarto**

Que a Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao” está inscrita no Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de rexistro 00/008/2012/C en data 13.08.2012.

### **Quinto**

Que nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 (Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025) figura, no capítulo VII, Transferencias de Capital, a aplicación orzamentaria 16.03.722A.781.0, proxecto 2014 00639, destinada a financiamento de investimentos da Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao”.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan, acordan asinar o presente convenio de colaboración con base nas seguintes



## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao” (en adiante beneficiaria) coa finalidade de financiar os investimentos que leve a cabo a esta institución, sen ánimo de lucro, para acadar os obxectivos básicos de fomento da organización sectorial, a visibilización do seu sector e a mellora da súa competitividade.

### SEGUNDA. Finalidade da subvención

Neste ano 2025 queremos seguir coa liña de misións comerciais que comencamos en anos pasados e que tan bos resultados acadamos coa visita a Portugal e o País Vasco, que deu lugar a que algunha das nosas asociacións colaborasen con axentes do sector marítimo-pesqueiro do país veciño e da comunidade vasca. Queremos seguir afondando noutros mercados que nos poidan resultar de especial interese para a nosa profesión e explorar os mesmos na procura de oportunidades laborais para o colectivo.

Co proxecto deste ano 2025, consistente nunha misión comercial a Alacante, pretendemos establecer contactos cos operadores implicados e crear sinerxías que nos permitan desenvolver colaboracións a presente e futuro, ampliando coñecementos e potenciando a nosa presenza en novos mercados e por ende ampliar a nosa cota de mercado, fortalecendo vínculos cos novos clientes e reforzando vínculos cos actuais.

Así a misión comercial levaríase a cabo coa visita á localidade de Alacante e arredores; unhas localidades onde hai unha forte presenza de entidades que se dedican á reparación de redes e aparellos de pesca cunha vinculación moi forte con axentes do ámbito pesqueiro de países escandinavos como Noruega, todas elas comunidades de ámbito pesqueiro, onde tras poñernos en contacto cos axentes ou operadores vinculados á nosa profesión, así como coas autoridades correspondentes na materia, pretendemos alcanzar acordos ou colaboracións para a procura de novos clientes e nichos de mercado que explotar polo colectivo e, asemade, facer unha labor divulgativa do traballo artesanal das nosas asociadas.

A través desta misión comercial preténdese a busca de acordos e ampliar coñecementos dende a perspectiva da cultura marítimo-pesqueira, que se ben ten aspectos en común, é ben certo que, dependendo da zona onde se desenvolve está dotada dunha idiosincrasia propia que suporía unha adquisición de coñecementos e técnicas novas que darían un valor engadido ao traballo das nosas profesionais.



Así, a través desta acción pretendemos mellorar a empregabilidade e empoderar ás traballadoras do colectivo que a integran co fin último de conseguir unha profesionalización real e efectiva.

### **TERCEIRA. Importe e contía da subvención. Gastos subvencionables**

A Consellería do Mar achegará un importe máximo de cinco mil euros (5.000 €) que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 16.03.722A.781.0 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025.

Os gastos imputables son aqueles realizados pola beneficiaria para o desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, descritas na cláusula primeira, co límite máximo de **5.000 €**.

### **CUARTA. Concorrenza de subvencións**

O importe da subvención percibida para este investimento, non poderá, en ningún caso, ser de tal contía que, illada ou en concorrenza con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo do investimento. Para os efectos de poder comprobar tal extremo, nas xustificacións de pagamento debe presentarse declaración das axudas solicitadas e concedidas coa mesma finalidade.

### **QUINTA. Obrigas da beneficiaria**

A beneficiaria, comprométese a:

1. Dedicar integramente o importe desta axuda á adquisición dos bens e á realización das accións descritas na cláusula primeira deste convenio.



2. Poñer no coñecemento da Consellería do Mar calquera incidencia que afecte á realización dos investimentos, proporcionando canta información sobre as accións obxecto deste convenio lle sexa requirida.

3. Prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, consonte ao disposto no artigo 40.1 h) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (en adiante Regulamento da Lei 9/2007).

Ademais, son obrigas da beneficiaria todas as establecidas polo artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.

A beneficiaria da axuda consinte expresamente a inclusión dos datos relevantes desta subvención nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvención de Galicia.

A concesión da subvención implica a autorización á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómicas e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **SEXTA. Publicidade da subvención**

1. A beneficiaria, consonte ao disposto no artigo 20 do Regulamento da Lei 9/2007, deberá dar a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento.

2. Sen prexuízo do previsto no devandito artigo 20, o incumprimento da obriga da beneficiaria de dar a adecuada publicidade do financiamento será causa de perda do dereito ao cobramento da subvención. Se é o caso, será tamén causa de reintegro das cantidades percibidas, se as



houber, xunto cos xuros de demora que correspondan, de acordo co establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, en relación co artigo 33.1ºd) da dita norma, e seguíndose para iso o procedemento establecido no artigo 38 da mesma norma legal.

#### **SÉTIMA. Forma de pagamento e xustificación da subvención**

A Consellería do Mar, ao abeiro do establecido nos artigos 62 e 63.1 do Regulamento da Lei 9/2007, efectuará o libramento da axuda ao ritmo de execución e xustificación do gasto e, en todo caso, mediante a presentación da seguinte documentación, **antes do 16 de novembro de 2025**.

Memoria económica xustificativa para os gastos con cargo á aplicación orzamentaria **16.03.722A.781.0**, que incluírá:

a. Relación das facturas e outros gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, o número e a data da factura ou recibín, o concepto, o importe e data de pagamento. Deberá figurar a suma de cada concepto e, ao final, o total dos gastos. Esta relación estará conformada pola secretaria da Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao”, co visto e praxe da súa presidenta.

Tanto a presentación das facturas, como os xustificantes do seu pagamento, deberán achegarse á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A súa relación ordenada é requisito imprescindible para á tramitación do mencionado pagamento, devolvéndose toda xustificación que non cumpra con estes requisitos.

Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Regulamento da Lei 9/2007. Os orixinais serán devoltos cando se comprobe a xustificación do gasto.

b. Declaración responsable, expedida polo órgano competente da entidade, de cada gasto realizado, indicando que teñen relación co obxecto do convenio.



c. Declaración responsable, expedida polo órgano competente, comprensiva das outras axudas percibidas ou solicitadas para este proxecto, na que se indique a entidade concedente, a data e o importe total percibido.

De acordo co establecido no artigo 62 do Regulamento da Lei 9/2007, efectuarase o libramento da axuda do seguinte xeito:

- Mediante pagamentos parciais, unha vez xustificadas os gastos comprensivos de, polo menos, o 25% do importe do convenio, por parte da beneficiaria.

- A data tope de presentación da documentación xustificativa dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% é o **16 de novembro de 2025**.

De conformidade co previsto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa regulatoria da subvención.

Para a materialización dos referidos libramentos será necesaria a emisión de certificación favorable da dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

A dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro poderá solicitar calquera documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

#### **OITAVA. Reintegro da subvención**

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos polo artigo 33 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e a través do procedemento establecido polo artigo 37 e seguintes da mesma Lei.



#### **NOVENA. Normativa de referencia**

Todas as actuacións de xestión de actividades do obxecto deste convenio, estarán suxeitas á normativa vixente en materia de axudas e subvencións constituída pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo seu Regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e por calquera outra de aplicación.

#### **DÉCIMA. Comisión de seguimento**

O seguimento e control do establecido no presente convenio realizarase por unha comisión de seguimento formada pola directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, polo/a subdirector/a xeral de Xestión, Ensino e Relacións Sectoriais, e pola presidenta e a secretaria da entidade beneficiaria.

#### **UNDÉCIMA. Resolución de controversias**

No caso de que se susciten controversias sobre a interpretación e aplicación das cláusulas deste convenio, estas resolveranse pola comisión prevista na cláusula anterior.

Se subsiste o desacordo, dita cuestión controvertida someterase ao coñecemento da Xurisdición Contencioso Administrativa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

#### **DUODÉCIMA. Transparencia e bo Goberno na Administración Pública Galega**

De conformidade co establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e no resto das



especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, en virtude do disposto no artigo 4 da antedita Lei 1/2016, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións atoparanse obrigadas a subministrarlle a administración, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento, por aquela, das obrigas previstas no Título I da citada Lei.

No relativo ás obrigas específicas de información sobre convenios e subvencións , estarase ao previsto nos artigos 15 e 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Asemade, será obxecto de publicidade no Rexistro de axudas, subvencións e convenios, ao abeiro do disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo e 132/2006, do 27 de xullo.

#### **DÉCIMA TERCEIRA.- Inexistencia de relación laboral**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo e a Xunta de Galicia, os seus organismos ou entidades vinculadas ou dependentes, nin se lle poderá esixir á Xunta de Galicia ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria polas actuacións que se deriven deste convenio.

#### **DÉCIMO CUARTA- Vixencia e efectos**

A duración do presente convenio estenderase dende a data da súa sinatura ata o 16 de decembro de 2025, sen posibilidade de prórroga.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan.



**Pola Consellería do Mar**

O Conselleiro

Alfonso Villares Bermúdez

**Federación Galega de Redeiras Artesás**

**“O Peirao”**

A presidenta

María Jesús González González

